



Resolución pola que se aproba o expediente de información pública do proxecto construtivo: “Acondicionamento da AC-423 (1ª fase). P.Q. 0+000 - 5+350 ”, de clave: AC/19/010.10.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. No *Diario Oficial de Galicia* núm. 243, do 23 de decembro de 2019, publicouse o Anuncio do 10 de decembro de 2019 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción: “Acondicionamento da AC-423 (1ª fase). Puntos quilométricos (PP.QQ.) 0+000 - 5+350”, de clave: AC/19/010.10, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Segundo. As actuacións recollidas no proxecto de construción: “Acondicionamento da AC-423 (1ª fase). P.Q. 0+000 - 5+350”, de clave: AC/19/010.10, teñen como finalidade acadar unha mellora substancial da seguridade viaria e consisten no acondicionamento da estrada AC-423, pertencente á Rede Secundaria de Estradas da Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos municipais de Coristanco e Cabana de Bergantiños (provincia da Coruña).

Terceiro. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes e se lles informará da aprobación do mencionado expediente No trámite de información pública non se formularon alegacións.





FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (*DOG* n.º 179, do 20 de setembro).

Segundo.-De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

O artigo 22.2 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño, establece que no caso de estudos ou proxectos sometidos aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas, unha vez emitido o informe sobre as alegacións presentadas, o órgano competente da administración promotora da actuación debe adoptar a correspondente resolución, que pode ser de aprobación definitiva de todo o ámbito do estudo ou proxecto ou ben só dunha parte deste.





Terceiro.- Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e aos efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de Expropiación Forzosa, someteuse a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

De acordo con todo o exposto, e tralos informes e certificados presentados,

RESOLVO

Aprobar o expediente de información pública: "Acondicionamento da AC-423 (1ª fase). P.Q. 0+000 - 5+350 ", de clave AC/19/010.10, mantendo o trazado proposto como definitivo.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.>>

O que se fai público para xeral coñecemento.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: infraestructuras.cim@xunta.gal

axencia galega
de infraestructuras

axi

galicia

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

Por delegación,

(Orde do 07/09/2017, Diario Oficial de Galicia 20/09/2017)

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

